

An impressionistic painting of a village square. A large, leafy tree with green and yellow foliage dominates the center. In the foreground, a stone cross stands on a pedestal. To the left, there are buildings with warm, earthy tones. The background shows more buildings and a bright sky. The overall style is soft and painterly, with visible brushstrokes and a rich color palette.

Parroquias de Redondela

CABEIRO

Amante Romero Álvarez

© do texto, Amante Romero Álvarez

© do cadro, Ángel Barros

Edita: Servizo de Normalización Lingüística

Revisión lingüística: Xurxo Martínez González

Deseño e maquetación: David Rodríguez Rodríguez

Imprime: Imprenta Amador Pérez

Dep. Legal: VG 478-2021



Parroquias de Redondela

CABEIRO

Amante Romero Álvarez

CABEIRO, TERRA DE CESTEIROS

Este libro quere ser un recordo. O recordo dunha vida que esmorece. A lembranza duns devanceiros que transmitiron o seu saber, costumes e ritos de xeración en xeración. Porque falar de Cabeiro, para alguén que naceu neste lugar, é falar dende o fondo da alma e da querenza por esta terra.

O motivo destas páxinas é convidarte a coñecer un anaco da terra de Redondela, un recuncho de menos de mil habitantes, pero que para nós, os que nacemos ou vivimos en Cabeiro, é o noso mundo amplo e interminable. Aquí están as nosas raíces, profundas. E quixera, sobre todo, que estas páxinas sirvan de coñecemento para a xente máis

nova da parroquia e, así, que saiban a vivencia do pasado, os esforzos feitos, a sabedoría lograda e herdada. Por exemplo, deben saber a importancia para a nosa terra da industria artesanal dos cestos e cestas de madeira, produtos que non contaminan e que foron de grande utilidade. O plástico desprazounas pero tamén contaminou, destruíu unha forma de vida respectuosa co medio natural para deixar sitio a grandes empresas que pouco interese teñen máis alá das ganancias inmediatas.

Este textos tamén quere ser un reencontro dos habitantes de Cabeiro co seu terruño. A paisaxe convive á nosa beira. Mellor dito, a paisaxe e a natureza viven en nós. Cada vieiro, fonte, topónimo ou leira son produto da relación do ser humano co medio natural. Todo isto, canda outras expresións culturais (cruceiros, muíños, pontóns, lavadoiros...), conforma o patrimonio cultural da nosa parroquia e que agora queremos difundir de novo.

Por último, gustaríame que o libro fose agradable para a vosa lectura e que vos forneza de información sobre Cabeiro. Quero contribuír a que a memoria permaneza, a que a cultura se difunda e a que teñamos conciencia da riqueza do tesouro cultural que posuímos que comeza dende a nosa

lingua galega e remata no máis mínimo ou cativo dos elementos que compoñen a terra-mundo que chamamos Cabeiro.

A parroquia compóñena dous núcleos: Porto Cabeiro e A Igrexa.

A poboación anda arredor dos 700 veciños e veciñas.



Ruta das mámoas no monte de Cabeiro.

Xeografía

Cabeiro, coas súas 226 casas, é unha das parroquias rurais de Redondela. Dende aquí miramos o nacente. Esta terra forma toda ela unha ladeira montañosa, cun monte moi ben situado e de fácil acceso en xeral.

Non sempre fomos parte de Redondela. En 1587 dependiamos de Mos e tiñamos outros lindes. Máis adiante, en 1752, durante a época do Marqués da Ensenada, Cabeiro tivo novas estremas. Finalmente, en 1836 pasamos a ser parte do Partido Xudicial de Redondela. Co norte, linda con Trasmañó e o monte de Negros; co sur, linda co monte Sarriño (Vilar de Infesta) e Candeán (Vigo); co leste, con Negros e ao oeste con Chapela e Candeán.

No monte parroquial nacen diferentes regatos. Estes dan nome a varias lagoas de augas fondas debido ás captacións que se fixeron para a traída de augas. Son de considerar a Lagoa Grande, a Lagoa do Fondo do Río, as Lagoas das Verrugas, as Lagoas do Pereiro; a Lagoa da Chan de Umbértola... e a fonte do Xeixo.

O río da Biela nace nas ladeiras das Pedras das Verrugas, na parte sur do monte, atravesando

a parroquia cara ao leste e converténdose nun afluente do Maceiras. No seu percorrido era usado para mover catro muíños que hoxe están abandonados e comidos por silveiras.

Na parte alta da Lagoa Grande encóntrase o regato que nace no seu cume. Un regato importante xa que nos arredores se forman varias lagoas que hoxe se atopan semisecas polas collidas que se fixeron para a traída de augas. É unha zona húmida, refuxio de animais e plantas autóctonas. Por alí é frecuente atopar torcaces, gabiáns, corvos, pegas, merlos, paporrubios...

O regato da Fonte do Xeixo ten o seu nacemento na parte alta, na lagoa que existe na cara leste do Coto Ferreiro. As súas augas considerábanse das máis potables da parroquia. Hoxe está canalizado en parte para uso da traída de augas. As augas sobrantes descenden cara ao leste para ser despositadas nun encoro para incendios, uníndose no lugar chamado Fondo do Río cun gran tramo longo de lagoas, que denantes era frecuentado por animais de pastoreo.

O río Fondón era coñecido en 1887 coma río Albaqueiro. Verte cara ao norte, percorrendo as parroquias de Trasmañó e Chapela, onde era usado para muíños e regadío.



Vista aérea da parroquia de Cabeiro.

Arqueoloxía

Os montes de Cabeiro testemuñan a presenza humana dende hai milleiros de anos, dende o Neolítico (3.000 antes de Cristo). As mámoas e petróglifos esténdense polo monte Mirallo, hoxe felizmente reconecidos e catalogados pola súa riqueza arqueolóxica. En Cabeiro temos até ca-

torce mámoas repartidas por varios puntos do monte.

Os lindes de Cabeiro son, en xeral, os anotados no tempo do Marqués da Ensenada (1752). A parroquia sempre contou con grandes terreos de traballo, montes ricos en auga con lagoas e fontes que serviron de bebedeiros para animais e que facían desta terra un lugar axeitado para a semente do millo, centeo, trigo, cebada...

No franquismo, cando os terreos pertencían á ICONA (Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza), os pastos do monte quedaron afectados pola masiva plantación de piñeiros e eucaliptos. Isto xerou un enfrontamento por parte da veciñanza co Goberno dese momento xa que se reduciu en moito o espazo de pastoreo. A resposta foron sancións e incluso detencións, pasando algúns veciños varios días na cadea.

No tempo de fame e miseria, antes e despois da guerra, as familias sen recursos que non tiñan terreos solicitaban ao Concello de Redondela un anaco de monte alí non se plantaran piñeiros. Nestas fincas podían sementar millo, trigo ou outros produtos do campo. A condición posta polo concello era o dereito a explotar estas terras durante dez

anos e despois terían que deixalo. O tempo pasou, eles quedaron e fixéronse coas propiedades das terras que traballaban.

Logo de 1976 e o cambio da lei, algúns veciños reuníanse na bodega dunha casa. Alí tomaban acordos sobre o monte, a parroquia e outras cuestións. Despois, as reunións pasaron a celebrarse no bar Casa Chinto. De alí naceu a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común e a Asociación Veciñal Coto da Arca.

Tamén nese 1976 a veciñanza de Cabeiro saíu defender o monte, incluso con nenos no colo. Así conseguiron paralizar a corta de piñeiros a cargo de ICONA, no lugar das Pedras das Verrugas. Finalmente, acordouse que o 50% do valor total da corta tiña que quedar para a veciñanza. Logo do acordo, fixéronse cortas masivas na cara leste do Coto da Arca. Este terreo quedaría logo para pastoreo e usos dos veciños, que desta maneira disporían de toxo e carascos que eran moi usados para os fornos de leña.

Hoxe en día os montes de Cabeiro son explotados pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabeiro.

Queremos destacar lugares únicos dos montes de Cabeiro como son as Pedras dos Picos e as Pe-

dras das Verrugas ou a contorna do Carrascal e Pedra do Couto, con variedades de rochas e refuxio de aves autóctonas e de caza menor. O Coto Freireiro, considerado o máis alto da parroquia (448 m) era usado antigamente como punto de referencia por grupos de montañeiros. Por último, no Coto da Arca existe unha mámoa no seu cume que se converte nun símbolo para a parroquia, pola súa beleza e paisaxe.

Minería

Na metade do século XX, na zona do Fondo do Río que lle chaman “O Tesouro”, fixéronse bastantes excavacións. De alí, onde traballaron moitos veciños de Cabeiro, extraeuse wolframio que se exportaba a Alemaña para ser utilizado en material bélico durante a segunda guerra mundial. Hoxe este lugar foi cuberto polo avance do monte.

En 1952, despois da guerra, a parroquia colleu un novo pulo grazas a familias que se fixeron con animais, carros do país e apeiros de labranza para o cultivo da terra.

Festa

Cabeiro celebraba o Día do Galo o segundo domingo de febreiro. Nas efemérides chamábaselle o “Domingo de corredor”.

Todo se desenvolvía cun grupo de nenos e nenas que variaba segundo o ano que se fixera, formando un grupo de aproximadamente dez. Mercábase o mellor galo da parroquia, preparábaselle unha andía cunha cuberta redonda adornada con flores que a levaban de casa en casa, transportada por catro cativos. O galo era o anfitrión nese día tan especial. Polos camiños tocaban o corno dos animais ou as buguinas do mar.

Para este evento facíase un testamento de despedida do galo. Era lido en público por un dos participantes, deixando o seu corpo repartido por barriadas entre a veciñanza da parroquia. Os demais lían coplas facendo críticas sobre a política e as melloras que precisaba a zona. Considerábase un día grande xa que os participantes dispoñían de foguetes para seren lanzados nas casas que así o pedisen.

Para a axuda do gasto xerado polo evento, as casas que eran visitadas doaban esmolas e merca-

ban rifas para o sorteo do galo, unha vez finalizado o acto.

O testamento e as coplas eran feitas por veciños e veciñas da parroquia que tiñan certa facilidade para compoñer historias para un acto deste tipo. Os máis coñecidos eran Celso de Ramiro e Celso O Zapateiro.

Ninguén sabe cando se empezou a vender o leite polas portas das vivendas de Vigo e Redondela, ou en aldeas limítrofes onde non había vacas, pero a metade do século pasado ían moitas leiteiras de Cabeiro polos camiños facer este traballo.

Consta que as mulleres, todas elas coas tarefas do fogar tamén ao cargo, recollían o leite pola noite e de madrugada saían coas calderetas ou caldeiros. Un traballiño canso que esixía moito sacrificio e esforzo.

Entre as persoas que levaban o leite naceu unha sorte de lenda. Rumoreábase que lle engandían auga ao produto para facer máis cantidade á vez que se rebaixaba. Aquilo creaba desconfianzas entre os compradores pero nunca ninguén demostrou nin se queixou da calidade.

Crónica negra de Cabeiro

O 27 de xuño de 1895, no Chan das Herbas de Negros, apareceu morto Manuel Ramiro Álvarez Crespo, nado en Cabeiro. Tiña a cabeza desfeita ao carón dunha pedra de grandes dimensións que fora usada contra el.

A consecuencia deste accidente foi detida a súa dona e o seu irmán Cándido. Tras pagar unha multa, foron ceibados cauterlamente. O día que se celebrou o xuízo na Audiencia de Pontevedra montouse un forte rebumbio onde varios veciños de Redondela trataron de linchar a ambos. A cousa non quedou aí e ao chegar á vila, os acusados tiveron que fuxir acompañados dun crego, tamén obxectivo da malleira.

Nunca se esclareceu que sucedera pero crese, segundo as falas populares, que ambos irmáns se levaban mal deica andar todo o día nos xulgados. Nunha ocasión, ao saír dun xuízo, xuráronse palabras e ameazas. Foi entón cando aconteceu o triste suceso. Unha copla da época lembra o feito:

En Cabeiro andan a tiros,
Constante matou a Ramiro.
En Cabeiro andan a paus,
Constante matou ó irmao.

A casa dos irmáns aínda se conserva en bo estado. Na súa época era considerada unha vivenda forte, cunha extensión de 5.000 metros cadrados e con fonte de auga potable dentro do seu eido.

Cabeiro, malia ser un lugar pequeno, contou de dúas peñas. Unha era a de “Músicos e cesteiros” e a outra era “Katanga”. Esta última fundouse en 1960 na taberna-tenda Casa Rato. Este lugar contou durante moitos anos con sala de baile e colexio público de nenos. As nenas, sen embargo, tiñan que ir a outro colexio preto deste, no camiño do Campiño esquina coa Coutadiña. Actualmente esta peña ten a súa sede na taberna Casa Brava.

Pola outra banda, a peña “Músicos e cesteiros de San Xoán de Cabeiro” fundouse o 15 de agosto de 1860.

Dentro da vida cotiá da parroquia está o Supermercado Cabeiro e despois os ultramarinos e tabernas que abastecían as casas. Unha delas foi Casa Rato, que pechou e despois foi aberta de novo na estrada de Negros, pero xa sen tenda.

Tamén estaban Taberna Flecha, unha das máis velhas que se teña memoria na parroquia; a Taberna Pozas, hoxe reformada coma merendoiro; a Casa Andrés, Bar da Cova (O Tranquilo), Casa Maruja de Canteiro (que tivo sala de baile), Brava, Pío, Chinto ou Novo Casino. Moitas delas pecharon e outras mantéñense en pé.

Noutrora había unha rivalidade entre tabernas que organizaban bailes. Sempre andaban a organizar as mellores actuacións coa presenza de bandas de música de renome e murgas (charangas).

O entroido é unha festa. Na tradición, herdada de pais a fillos e de nais a fillas, grupos de persoas vestían con roupa de gala e traxes deseñados para a ocasión, con cuantiosos adornos. As mulleres (madamas) adornábanse con capullos de camelias e mimosas, lucindo grandes colares, sortellas e pendentes de ouro, estilizando a súa figura con destreza e gallardía. Os homes (galáns) vestían con pantalón negro, camisa branca, gorro de copa e un entorchado, estilo militar, acompañados dunha murga. Máis tarde celebrábase o gran baile, cada un nos seus lugares.

Fontes e lavadoiros

Cabeiro encóntrase na parte baixa do monte. A xeografía do terreo favorece que na parroquia se dispoña de varios regatos que descendem deica dar en fontes, unhas potables e outras non. Pero antes, cando non había a traída, nestes lugares construíronse os lavadoiros, de xeito artesán, que eran usados pola veciñanza. Uns tiñan cuberta, o que facilitaba a tarefa en días chuvieiros, pero outros non dispuñan desta mellora.

Na actualidade existen tres lavadoiros públicos cubertos e ben conservados. Aínda se usan para lavar roupa ou outros útiles. No lugar do Costal (Barrio da Igrexa) encóntrase o lavadoiro das Fontiñas, cunha excelente auga, que flúe durante todo o ano.

Este lavadoiro, tempo atrás, foi restaurado pola veciñanza de Cabeiro e en colaboración co Concello de Redondela.

No lugar das Coviñas hai outro lavadoiro denominado “O Pío”, no barrio da Igrexa. Permanece seco a maior parte do ano debido a recentes obras feitas preto del que cambiaron o curso das súas augas. Pódese dicir que estas non son potables.

A orixe do lavadoiro está nos tempos de Franco.

O alcalde de barrio era Andrés Castro e tenente-alcalde Manuel Pazos. Fixérase nas propiedades de Jesús, onde existía unha lagoa, grazas ás axudas do concello.

No lugar dos Eidos, no barrio de Porto Cabeiro, encóntrase a “Fonte do Galo” onde a auga non se considera potable por causa das filtracións de fosas. A fonte foi reparada en 1965, canalizando a auga e fíxose unha pía cun cano grazas a achega económica do concello. En 1998 cubriuse o lavadoiro sendo alcalde de barrio Celso Lorenzo. Auga baixa todo o ano pero ten mala potabilidade.



Fonte do Galo e lavadoiro no lugar dos Eidos.

Na parroquia hai outras fontes algo descoñecidas ao careceren de lavadoiro. No barrio da Igrexa

e no camiño da Fonte da Agra existe unha poza de regadío onde as augas se usaban para regar os terreos que se encontran na parte superior da Igrexa e outras limítrofes. Antes, nas pozas que se formaron, víñase lavar a roupa.

A Fonte de Mangoeiros é pública, situada na estrada de Negros, no lugar de Mangoeiros (de aí o seu nome), no barrio da Igrexa. Estivo abandonada até que foi rehabilitada en 2011 grazas ao Concello de Redondela. A súa auga pódese considerar potable porque non hai fosas sépticas preto. É un espazo moi concorrido de paso, ao estar á beira da estrada, e segue sendo moi usada pola veciñanza. O regato verte ao río Maceiras.

A Fonte da Igrexa serve de regadío a varias leiras na parte alta e baixa do barrio da Igrexa. As augas non se consideran potables. Nace na Fonte da Agra, na Lagoa do Chan de Umbértola e en terreos privados de labradío. Nunha pequena poza lavábase a roupa.

No lugar dos Lagos, dentro dos recintos do Centro Cultural de Cabeiro, está a Fonte do Lago. Foi doada pola Escola de Canteiros de Redondela no ano 1993. A auga tómase por potable pero a maior parte do ano non ten caudal.

A fonte e poza de regadío do Tombo de Miguel está situada no Lugar do Campiño, na estrema con Vilar de Infesta. Esta fonte, hoxe abandonada, tiña auga potable pero co paso dos anos e co abandono, acabou chea de silveiras e ramallos. Na actualidade aínda se usa para regadío de terras próximas. Ademais é un afluente do regato da Biela.

Outra fonte e lavadoiro está no lugar da Graña, no barrio da Igrexa. Esta fonte, tempo atrás, tiña auga potable. O seu lavadoiro, situada en terreos privados, pódese considerar un dos máis antigos de todo Cabeiro. Foi reformado en varias ocasións polos propietarios pero nunca se chegou a cubrir. Mantén unha boa conservación pero a auga nin é potable nin cae todo o ano.

Muíños

Na parroquia consérvanse cinco muíños. No inicio pertencían a varias familias e veciños. Antes, nestes lugares xuntábanse homes e mulleres para falar e danzar. Pero tamén, e isto é algo sabido, nestas catro paredes tamén naceron idilios de amor.

No lugar chamado O Penedo (en referencia a un enorme penedo que alí había), situado no barrio

de Porto Cabeiro, encóntranse dous destes muíños, en terreos privados. O que está na parte máis alta usaba as augas da mina de Barbas, hoxe canalizada para augas de traída de Cabeiro. O da parte máis baixa aproveitaba as augas dos regatos que nacían na cara norte das Pedras das Verrugas que dan o nome ao regato da Biela.



Muíño do Costal.

Polo Costal, no barrio da Igrexa, hai outros dous muíños que moían millo coas augas do regato da Biela. As canalizacións abertas transportaban a auga no terreo até as torbas existentes e xa semi-derruídas.

No barrio de Porto Cabeiro, no lugar que lle din da Cova, está o último dos muíños. O lugar é hoxe de moi difícil acceso. Igualmente usa a auga do regato da Biela.

Hoxe, tantos anos despois, o silencio reina na súa morada. Quedan os esqueletos derruídos polo tempo, durmindo ledos na historia, coma pantasma que deixaron pegada no pasado. Onde antes había vida, agora só queda a soidade.

Terra de músicos

A banda de música de Cabeiro hai medio século que desapareceu. No seu tempo foi importante deica ofrecer concertos noutros concellos da provincia de Pontevedra. O fundador foi Manuel Lorenzo, O Baillador, quen á súa vez foi director durante varios anos. Tras el colleu a dirección o seu fillo Plácido Lorenzo e máis tarde estaría no mesmo posto Cesáreo Reboredo. A agrupación chegaba aos vinte e cinco compoñentes. Convén lembrar que, por causa de rivalidade, Ramiro Lorenzo (irmán de Manuel) creara outra banda, con menos instrumentos e calidade inferior, que duraría pouco tempo.



Banda de música de Cabeiro.

Terra de cesteiros

Os cesteiros de Cabeiro son, seguramente, o sector co que máis se identifica a parroquia. Antes eran moitas as familias que se dedicaban a esta tarefa traballando en bodegas e alpendres, dende a mañanciña cedo até a madrugada. Neste oficio participaban tanto homes coma mulleres. Logo deles viñan os fillos, que aprendían toda sabiduría deste facer e continuaban así a tradición.

Durante a primeira guerra mundial deuse un problema de abastecemento de utensilios para o

transporte de carbón en Xibraltar. Os cesteiros de Cabeiro encargáronse de enviar todos os monicos (ou muñicos) para esta tarefa, dispoñendo dun intermediario que era o encargado de facer chegar os cestos ao seu destino.

Co paso do tempo a industria do plástico foi afastando o uso dos cestos e patelas. Os prezos dos primeiros eran moi inferior ao dos segundos, por causa da materia prima, e isto derivou na imposibilidade de competir entre os produtos. Esta decadencia no oficio obrigou a varias persoas a emigrar e a outras a traballar noutros sectores, como a conserva.

Hoxe en día o oficio dos cesteiros de Cabeiro rematou. Quedan vestixios das ferramentas pero xa non hai persoas con esta dedicación.

O traballo para facer as cestas era totalmente artesanal. Antes non había maquinaria e só se usaban as ferramentas feitas polos ferreiros. En realidade, para facer un cesto precisábase: unha poda grande e unha pequena, un coitelo para labrar, un furador, un banco, unha labradeira, un canoto, unha maza, unha pedra de amolar e unha vara (anaco de madeira esgazada con fendeduras) para medir o ancho do fondo e a altura, segundo o modelo que se quixese facer.



Coitelo de labrar.

A variedade do resultado é alta. Había cestos pequenos que se usaban para apañar a froita, costura ou outros usos culinarios; as patelas pequenas servía como para depositar cousas pero era nas traíñas que as usaban como medida estándar para o peixe de baixura (chincho, xurelo, sardiña...); as exportas, que se usaban para o peixe de altura que se collía ao palangre; os cestos do campo, chamados tercios, tiñan distintas medidas e eran rectangulares para axustarse mellor ao lombo das persoas que carrexaban herba, esterco ou maleza en xeral; os tercios grandes, con dúas asas, usábanse para cargar os fariñeiros con derivados do campo e os panadeiros para o transporte; o mu-

ñico ou monico, sinxelo de transportar, sendo moi usado no tempo de vendima para levar uvas pero tamén estaba presente na construción ou para levar o carbón, e que tiña no fondo unhas tiras finas (tapadeiras) para evitar que vertese sobre o lombo das persoas.



Reproducción do cadro de Ángel Barros
empregado na capa deste libro.

